

Galicia aínda odia a súa propia lingua

ALFONSO PEXEGUEIRO

O día das letras galegas é o recurso da incapacidade dunha linguaxe pra concienciar a un pobo historicamente acomplezado e que, inconscientemente, desprezia todo aquilo que produce. E o recurso da "legalidade" do poder pra que a mentira e a represión señan máis disimuladas, e, na Europa democrática, todo teña un "tie" de "liberdade", ou de "libertades", cando a verdadeira liberdade empeza por descodificar os sistemas de control psicolóxico, acabar coas desigualdades económicas e culturais, e recuperar a nosa historia, a nosa linguaxe e a nosa identidade como pobo libre e dono dos seus recursos, do seu destino e da súa creación. O demáis é ir remendando a memoria pra que os que demonaron cando tiñan trinta anos, nos sigan dominando agora que teñen cincoenta, e con eles os seus herdeiros en materia de asoballamento e colonización, verbas que anque xa non se queiran oír, hai que empregalas.

Quizáis fose mellor meter todas as palabras nun saco de plástico e botalas ao mar. Quizáis porque as palabras foron e xa non son. Foron cando eu fun. Agora só existe a dolor que deixaron as palabras que nun tempo me deron identidade. Eu dinlle identidade as palabras. Espacio. Agora eu son "eles". Eles ocuparon a linguaxe e torturaron as palabras. As palabras non son sen min. Pero eu estou preso. E "eles" non deixan que fale. Estame prohibido falar. "Eles" teñen unha lista de palabras —que son as miñas palabras—, que me ofrecen e que debo usar asegún as súas fórmulas. Hai palabras que non debes pronunciar nunca. Esas palabras pode-

rían acabar coa túa representación. Poderían acabar cos teus dedos e cos teus silencios. Esa linguaxe da que me falas non existe. Existe o que eles queiran que exista. O demáis é loucura. E loucura, é palabra clandestina. Pero eu volto a antes e conecto co teu tempo de "existencia".

Galicia aínda odia a súa propia lingua. (Titulares dunha entrevista publicada no "diario" AVUI de Barcelona).

A nosa despersonalización é tan grande que pensamos que só somos nos demáis. No que os demáis queiran que sexamos. No seu recoñecimento. No seu aparentado sorriso. Naquel recuncho onde "eles" teñen a ben ternos: ¡Na miseria! Estamos collidos na trampa máis sutil e máis vergonzosa da historia. Tres mil anos de historia é o que me fai pensar (ou sentir) que o tempo non existe. Todos están escondidos, pero todos estamos presos. Cando dispomos da televisión, ou leemos un "caricaturesco" libro, ou mercamos o novo capítulo desa novela que por series nos dedicamos nós mesmos (baixo control): "O Periódico": Esa grande novela colectiva, sempre incompleta, e onde cada quen ten o seu compartimento de compensación personal: esquelas, "literatura", política, sucesos, recetas, deportes, se tivéssemos capacidade de observar a cantidade de palabras contaminantes que hai, de tal xeito que houbese posibilidade de facer un análisis clínico, como o hai pra analizar outros produtos "adulterados", quedaríamos verdadeiramente sorprendidos. A castración social e individual que supón a morte da sensibilidade e o comercio da ilusión, así como o envenenamento ideolóxico e subcultural a que estamos sometidos, é tan grave, que só unha desintoxicación ou cura de saúde moi

fonda podería eliminar os elementos tóxicos que están depositados no noso inconsciente e nos nosos xestos e "facer social". "Uns poucos excéntricos poden propagar males maiores que unha epidemia ou unha plaga universal", di Pound. E, nas máis das veces, males irreversibles. Determinantes para todo o discurso da nosa historia. Males que se propagan ao través dos mesmos esquemas que a nós nos deformaron e que siguen vixentes nas escolas e centros de "educación", para os nosos fillos e así sucesivamente.

Un pobo que non demanda unha vida cultural sana, que odia a súa lingua; un pobo que só se ve no espello do poder; un pobo que ten vergonza de si mesmo, é un pobo morto, é un pobo enfermo. Galicia é un pobo enfermo, porque o nivel de intoxicación é alto. Tendo por cómplices tanto aos de afora como aos de adentro. Pero non somos un pobo morto. Se sufro é porque teño capacidade sensible de vivir. E, se o que sinto é dolor, é porque algo en min fou ocupado, violado, mancado, humillado. Algo en min sofre porque non vive. O idioma sofre porque non vive, e resíntese en todos os meios de expresión. Se de todos os días do ano, só adicamos un, ou dous á contemplación pasiva "turística" do noso idioma e da nosa cultura, sen carácter revolucionario, podemos decir que somos un pobo sen vitalidade, e un pobo sen vitalidade é un pobo tolleito sempre disposto para as ladillas, para os vermes e para toda clase de enemigos.

Quizáis teña razón Pollock cando di que as artes non coñecen fronteiras e que a súa linguaxe é universal. Pero a universalidade real pasa pola liberdade social e cultural de todos os pobos, de todas as comunidades e de todos os países.